



RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO DE SELECCIÓN DE UN/HA TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATO LABORAL POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO. NOMEAMENTO DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN.

Por Resolución núm. 41/2018 da Alcaldía, de data 16/01/2018, aprobáronse as bases de selección para a cobertura temporal, baixo a modalidade de contrato laboral por obra ou servizo determinado, dun/ha (1) normalizador/a lingüístico/a.

O prazo de presentación de instancias é de oito (8) días naturais contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Tendo en conta o establecido na base sexta das Bases que rexen este procedemento de selección, en relación á “Presentación de instancias e procedemento de selección”.

Visto o escrito presentado o 21/01/2018 con RE 626 por D^a. Vanesa Otero Fernández, no que solicita *“que se rectifiquen e se retiren as presentes bases de convocatoria dun proceso selectivo para a cobertura temporal dunha praza de técnico/a de normalización lingüística por non ser preciso convocar nestes momentos ao estar aínda vixente a presente bolsa de traballo.”*

Tendo en conta que por Resolución da Alcaldía núm.453/2016, de 08/04/2016 aprobouse a bolsa de emprego, para a contratación dunha/ha técnico de normalización lingüística, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm.74, de data 20/04/2016.

Considerando que a contratación no ano 2016 iniciouse o 10 de maio, e no 2017 o 2 de maio, no 2018 non é posible, por motivos de crédito orzamentario no ano 2018, que se poida iniciar a contratación no 2018 antes do 20 de abril, motivo polo cal procede continuar co proceso selectivo obxecto deste expediente e aprobar unha nova bolsa de emprego. Por tales consideracións, procede desestimar as alegacións presentadas por D^a. Vanesa Otero Fernández.

Considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime Local.

Visto canto antecede, RESOLVO:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas por D^a. Vanesa Otero Fernández, dado que a contratación no ano 2016 iniciouse o 10 de maio, e no 2017 o 2 de maio, no 2018 non é posible, por motivos de crédito orzamentario no ano 2018, que se poida iniciar a contratación no 2018 antes do 20 de abril, motivo polo cal procede continuar co proceso selectivo obxecto deste expediente e aprobar unha nova bolsa de emprego.

Segundo.- Aprobar a listaxe definitiva de admitidos e excluídos que figura a continuación:

LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS	
OTERO FERNÁNDEZ, VANESA	33344917T
BUSTO DOPAZO, ESTEFANÍA	47370850G
FERREIRO BARREIRO, BÁRBARA	79323574R
MÉNDEZ LÓPEZ, IVÁN	46899543J
BARREIRO PATIÑO, DANIEL	36169303D



Terceiro.- Ordenar a publicación da antedita listaxe no taboleiro de edictos e na páxina web deste Concello, para os efectos da súa publicidade.

Cuarto.- Nomear ás seguintes persoas como membros do Tribunal:

PRESIDENTE	Titular: M. ^a Lourdes Castro Pena, interventora do Concello de Vimianzo (A Coruña) Suplente: Rosa M. ^a Sánchez Martínez, técnica de desenvolvemento local do Concello de Vimianzo (A Coruña)
SECRETARIA	Titular: María Cristina Varela García, secretaria do Concello de Vimianzo(A Coruña) Suplente: Ivanna Vidal Domínguez, técnica de xestión do Concello de Vimianzo (A Coruña)
VOGAIS	1º vogal: Ángel José Brea Hernández, funcionario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, profesor do IES Terra de Soneira Suplente: M. ^a Teresa Araújo García, funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, profesor do IES Terra de Soneira 2º vogal: Rocío Hermida Cancela, secretaria do Concello de Cee (A Coruña) Suplente: Rosa M. ^a Fernández Canosa, interventora do Concello de Cee (A Coruña) 3º vogal: M ^a Fernanda Montero Parapar, secretaria do Concello de Cuntis (Pontevedra) Suplente: Sandra M ^a García Chenlo, secretaria-interventora do Concello de Teo (A Coruña)

Quinto.- Convocar ao Tribunal para o día 16/02/2018, ás 08:30 na sala de reunións, situada no segundo andar da Casa do Concello, para a súa constitución.

As probas celebraranse o 16/02/2018, na sala de conferencias da Casa de Cultura de Vimianzo, nos seguintes horarios:

1º. Proba tipo test: ás 09.00 horas.

2º. Proba práctica: ás 11:00 horas.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde en Vimianzo, do que eu, secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria